

## INTERCAMBIOS 2021-22

### FACULTADE EDUCACIÓN E TRABALLO SOCIAL.

Sesións virtuais informativas 3, 4 e 9 decembro de 2020

Erasmus (convocada)

Bolsas Propias (pronto)

Bolsas Santander (ver a súa web)

SICUE, (a principio de ano)

## PASOS INICIAIS

1º Ler a convocatoria correspondente

2º Aclarar todas as dúbidas de tipo administrativo enviando correos ou chamando á ORI

3º Mirar páxinas web das universidades coas que intercambiamos, para enterarse de plans de estudos, servizos, etc. Algunhas incluso resollen dúbidas que se teñan en relación coa vivenda e outras cuestións

4º Solicitar por Sede electrónica, con mail @uvigo.es. Non teñades en conta cuatrimestre. Normalmente concedemos 1º cuatrimestre e logo pode ampliarse. Se a praza é anual xa se pode pedir como anual.

5º Estar atentos ás listas, por se non se admite instancia por algún defecto de forma

## **PASOS ADXUDICACION DE DESTINOS**

1º En xaneiro teremos as vosas solicitudes na Facultade

2º A Comisión de Relacións internacionais adxudica as prazas

### **Criteriaos:**

- **Prioridade ao idioma do país**
- **Prioridade a outros requisitos de idioma que teña a praza**
- **Prioridade primeiras opcións**
- **Prioridade ás medias de nota**
- **En caso de medias semellantes, (+- 0.5) terase en conta certificados doutros idiomas.**

3º A ORI xestiona os destinos (pois a Universidade de destino acepta ou rexeita a proposta).

4º Unha vez confirmada a praza, facemos un **contrato de estudos**. Inclúe materias Uvigo que se van matricular e materias de destino, a escoller na web de destino

## PASOS ACEPTACION DE DESTINOS

1. Renunciar se non se vai poder ir. Iso beneficia que poda coller ese destino outra persoa.
2. Aceptación:
  - a) **coordinarse** con persoas que van ao mesmo destino para organizarse conxuntamente
  - b) **buscar materias** da universidade de destino que podan ser semellantes ás que ides cursar en Vigo o ano que ven
  - c) **contactar** coa universidade de destino para ver que tedes que entregar e que prazos
  - d) **Xestionar con destino**, materias recomendadas, así como aloxamentos e outras cuestión nas que podan axudarvos
  - e) Esperar que na Secretaría virtual teñades un **contrato de estudos**: ir cubrindo materias que debedes coller en Ourense (coidado coas obrigatorias e optativas que tedes que coller) e buscar as equivalentes. Buscamos unha equivalencia en nº de créditos aproximados. Non teñen que coincidir todos os contidos.
3. **Aprobación dos contratos e firma**: Assignarei titores según os países e con eles firmades eses contratos.

Durante un tempo pódense **modificar** os contratos, ou pedir **ampliación** para todo o ano, aqueles que só pedistes un cuatrimestre.